

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 4 DE MAIO DE 2017**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do día catro de maio de dous mil dezasete, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Lede; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste D. Antonio Roma Arcos

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

Dase conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á extraordinaria celebrada con data 23 de novembro de 2016.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobadas por unanimidade na forma en que está redactada.

### **2º.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2017.-**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para dar conta detallada do borrador do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio de 2017, dando lectura á relación detallada de partidas que conforman o mesmo, que ascenden tanto en gastos como en ingresos a un importe total de 3.474.755,00 euros.

Fae un resumo do contido dos capítulos de ingresos e gastos do orzamento.-

En canto ós ingresos informa que o capítulo 4 de transferencias correntes é o máis importante (39,51%) ascendendo a previsión de ingresos a un total de 1.372.942,13 euros e donde se recolle as transferencias por participación en tributos do Estado, o Fondo de Cooperación Local e outras transferencias da Xunta para distintos servizos, lei de dependencia, servizos sociais, limpeza do CPI, información xuvenil, para ADL, programa de cooperación e outros e da Deputación para a realización de actividades, turismo, servizos sociais, emerxencia social, plan emprego, entre outros.

Dí que en capítulo 1 de impostos directos supón un 31,5% do presuposto e deste desaca, sobre todo o IBI que mantense o importe, porque Hacienda vai a realizar regularizacións neste exercicio.- Tamén se inclúe IVTM, rústica e IAE.

O capítulo 3 de taxas e prezos públicos ascende a un total de 628.090,00 euros e se recolle a taxa de abastecemento de auga, recollida de lixo (que se incrementa en función do recadado o ano pasado) e saneamento.

Tamén pola prestación de servizos como axuda no fogar, escola de ocio, plan madruga e polas escolas deportivas e cursos ou outras actividades organizados polos Concello, que se incrementa porque hai máis usuarios e actividades.

Outros ingresos diversos se incrementa porque se recolle parte dos ingresos previstos con motivo da organización da Festa do Viño Tinto.

O capítulo 7 de transferencias de capital ascende á cantidade de 337.372,87 euros e recolle a transferencia prevista para inversións incluídas no Plan Concellos 2017 (333.372,87 €) e unha previsión inicial para outras subvencións que tense solicitado: GDR, Plan Marco, axuda solicitada a Turismo para aparcadoiro na rotonda dos Castaños, e para mellora de infraestruturas no entorno da Igrexa de Barrantes, entre outros.

No que respecta ós gastos, se presuposta o mesmo importe que o previsto para ingresos, co seguinte resumo:

- Capítulo 1 de gastos de persoal:	1.181.460,00
- Capítulo 2 de Compra de bens correntes e de servizos:	1.628.179,13
- Capítulo 4 de Transferencias correntes:	175.711,80
- Capítulo 6 de Investimentos reais:	482.404,07
- Capítulo 8 de Variación de activos financeiros:	7.000,00

No que respecta ó capítulo de gastos de persoal fae unha comparativa con respecto ó do exercicio 2016 e indica que o gastos de órganos de goberno mantéñese; no relativo a gastos de funcionarios baixou levemente porque xa no hai que recoller a parte da paga extra de 2012 que se recollía o ano pasado; se incrementa o gasto de persoal laboral temporal (porque, entre outros extremos se inclúe o plan de emprego da Deputación Provincial e o Program Aproz da Xunta de Galicia) e consecuentemente tamén se incrementa o gasto de seguridade social.

No que respecta ó capítulo 2 de gastos correntes e de servizos se incrementa en aproximadamente 42.000 euros.- Neste capítulo o apartado máis importante é o de gastos de empresas e profesionais, manténdose máis o menos o gasto doutras partidas (que casi supón un 50% deste capítulo).

Indica que sube, pero proporcionalmente menos que o ano anterior respecto dos ingresos; é dicir o ano pasado o gasto deste capítulo supón o 50% dos recursos e este ano gastando máis supón o 47% dos recursos.

Na partida de gastos de empresas e profesionais aumentou considerablemente os gastos de recadación do ORAL (subiu en 15.000 euros); logo hai unha partida de estudos e traballos técnicos (que tamén aumentou en 28.000 euros) no que se inclúe o estudo para a presentación de axuda ante o IDAE, o de contaminación acústica, da contratación da adecuación e mantemento da lei de protección de datos que se estaba bastante en precario neste tema, para a revisión de RPT (que segundo o Convenio habería que facela cada dous anos e aínda non se fixo), e traballos urbanísticos (nos que entrarían os gastos do asesor urbanístico, levantamentos topográficos, redacción de proxectos para obras solicitadas a outras administracións, gastos de coordinación de seguridade e saúde, etc) e outras traballos ou empresas nos que entrarían os gastos de sumidoiros de Espina; SOGAMA (que se incrementa en 5.000 euros porque a pesares de estarse levando menos toneladas porque se está incrementando o reciclaxe, como subiron as taxas hai que incrementa lo gasto); tamén se inclúe ahi os gastos de mantemento de alumeado, de dependencia (que se incrementa como tamén se incrementa o ingreso por este concepto), os gastos da gardería; en servizos xerais tamén se inclúen os gastos dos programas informáticos para a adecuación á administración electrónica, de recadación, de contabilidade, e outros.

O seguinte apartado deste capítulo que máis importa é o dos subministros, e dentro deste destaca o subministro de enerxía eléctrica (que representa un 60% deste apartado e que se está facendo traballos de aforro de enerxía e estase xa vendo resultados e da conta da porcentaxe do gasto de enerxía eléctrica en cada un dos servizos ) os combustibles e auga que se lle paga á Mancomunidade que houbo que incrementala en 15.000 euros.

A seguinte partida máis importante neste capítulo é a de gastos diversos, que supón 8.000 euros menos que o ano pasado, e que engloba, entre outros conceptos, gastos de protocolo, de publicacións, procedementos xurídicos e contenciosos, incrementouse os gastos de actividades culturais e deportivas, formación e emprego, festas e actividades diversas que ascende en global a 138.000 euros: que inclúe alumeado e actividades de Nadal e Reis, a Festa de Entroido e colaboración coa Asociación de Barrantes no enterro da galiña, a Festa do Pan, a Festa do Viño Tinto (que antes se lle daba 50.000 euros á Comisión organizadora e esta contrataba, descontrataba, o concello a maiores pagaba cousas... o que xa se ten falado neste pleno en outras ocasións) e agora se recolle todos os gastos que se preveen para este ano: orquestras, gastos de SGAE, persoal para stands, comida de confraternidade, escenarios, carpas, premios, tazas, etc; e ademáis outras festas como Magosto, Samaín e unha partida para outros gastos diversos que puidan xurdir.

O capítulo 4 de transferencias correntes se diminúe en 11.000 euros respecto do ano anterior, por las transferencias que se realizan á Mancomunidade.- Inclúe transferencias por servizos conxuntos, CIM, etc; se diminúe porque se prevee a adquisición dunha maquinaria propia.- As transferencias a entidades e institucións sen

fins de lucro que se incrementa en 7.000 euros en total (1.000 a SS.SS, incrementouse algo o convenio de BATA, e se inclúen as axudas ós campos de verán).

O que respecta ó capítulo 6 de investimentos que diminúe 47.000 euros que o ano pasado, pero porque este ano aínda non está confirmado o Plan Marco.- Da conta dos investimentos previstos incluídos no Plan Concellos (saneamentos, viais e alumeados para novos alumeados e para a legalización dos existentes), do GDR, a Urbanización do entorno da Igrexa de Barrantes, a construción de aparcadoiro na entrada da ruta da Pedra e da Auga, os gastos do Obradoiro Tecnolóxico-Ambiental que se pretende levar a cabo en conxunto coa Mancomunidade, para equipamentos informáticos, retroexcavadora, maquina limpadora, gastos de aplicacións informáticas (non había licencias de windows e office por exemplo), entre outros investimentos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para agradecer a meticulosidade e concreción na exposición e a claridade do orzamento elaborado.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para dicir que se trae o presuposto que é o documento máis importante que aproba o Concello porque é onde se recolle onde se vai a gastar o diñeiro e marca a política do equipo de goberno.- Que xa o ano pasado criticaron que se aprobaba con retraso e aprobouse no mes de marzo e o alcalde comprometeuse a que este ano aprobaríanse en prazo e agora se traen con cinco meses de retraso.- Que esperaban un documento máis ambicioso; que se lles convocou coa antelación mínima prevista na lexislación; a documentación non se lles pasa toda xunta (que aínda hoxe se lle pasou algunha documentación) e que teñen que ser máis serios e coherentes como dí o Alcalde).

Que mirando os presupostos ven a falta de xestión e dun proxecto claro de que se quere para os veciños; hai falta de xestión que se pode comprobar nestes dous anos; que se aprobou o ano pasado un Plan de Concellos da Deputación Provincial de 225.000 euros e a día de hoxe aínda está sen executar cos agravios que iso supón para os veciños que aínda non disfrutan deses servizos e non saben a que se debe esa falta de xestión e liderazgo e creen que é porque se pasaron máis tempo en afeiar ó anterior goberno que en solucionar os problemas e conseguir máis investimentos.-

Dí que en varios plenos o Sr. Alcalde fixo referencia a xestión do río Xian e en dous anos este goberno tampouco fixo nada e como este caso moitos máis asuntos; que só se están centrando en remover o pasado.

Polo que respecta ó contido do presuposto, no relativo ós gastos dí que o capítulo 1 se incrementa en 113.000 € e en 225.000 € respecto ó de 2015; é dicir que gastan case 40.000 millóns de pesetas máis que o P.P. en persoal.- Que o grupo de goberno se leva unha parte moi importante (en gastos do grupo de goberno, do asesor urbanístico, da secretaria particular...) un 150% máis que último goberno do P.P.- Que antes o equipo de goberno supoñía 42.000 euros e agora 113.000; que agora se prevé 53.500 euros máis para a contratación de persoal e non ven onde está a racionalización do gasto e a optimización dos recursos se agora se inviste 53.000 euros máis que se deberán a compromisos realizados durante a campaña electoral.

Que o gasto corrente se incrementa nuns 62.000 euros e ano a ano vense incrementando a antes a oposición criticaba ó P.P. polo elevado do gasto corrente e eles agora aínda o incrementan máis.-

Que consideran insuficientes as partidas para mantementos de colexios (xa o dixeron o ano pasado e logo houbo que incrementala) e agora incrementouse algo pero segue sendo insuficiente e o mesmo sucede coa partida de parques e xardíns (que tamén houbo que incrementala o ano pasado); que os gastos para enerxía eléctrica non diminúen a pesares de que o Alcalde fala de aforro e medidas de aforro) e en comunicacións as partidas son iguais e en alarmas se incrementa a pesares do gran plan anunciado polo Alcalde.

Que os gastos en servizos sociais os están a reducir (que emerxencia social redúcese un 50%), os que eran os grandes defensores destes servizos lles acusaban ó P.P. de que miraban para outro lado e agora eles os reducen; que hai un gran problema de emprego e solicitaban que se incluíra plans de emprego e agora non só recollen 3.000 € (debe ser que agora non hai desemprego); como se vai a activar a economía local, ás axudas ó comercio e autónomos ou reactivar o polígono.

Os servizos sociais baixan, pero se gasta en obras e agora se fixo outra reforma e se lles mandou para outro local porque aquí se quedaba pequeno con tanto asesor, concelleiros liberados e secretaria particular e a se lles manda a outro local.

Que se incrementa o gasto de festas.- Lembra que criticaban o gran gasto que se gastaba en festas e agora se pasa de 50.000 a 110.000, que antes a Comisión organizaba gran parte da festa.-

No que respecta ós gastos de traballos doutras empresas e profesionais unha gran parte do gasto é para o asesor urbanístico e outra gran parte para outros servizos urbanístico e agora resulta que non só cobra un soldo senon tamén pola redacción de proxectos (cando o alcalde dixo que ía a aforrar pola redacción de proxectos).-

No que respecta a SOGAMA di que a pesar do plan de proxectos de composteiros está visto que non funciona porque a partida non diminúe e o número de toneladas tampouco.- Que o Punto Limpo aten unha nefasta xestión (hoxe aínda había colchóns enriba dos setos); que cando eles gobernaban dicían que un día á semana de atención ó público era pouco e segue igual e os contedores cheos.-

Engade que as partidas para investimentos van baixando dendo o 2015 que tiñan 407.000 euros (sobre un presuposto de 2.900.000 €) e este ano con máis de 500.000 euros máis de presuposto, as partidas de inversións só se incrementa en 50.000 € e de fondo propios só sexan 100.000 (que non supón nin o 3% do presuposto).-

Dí que o presuposto non aporta nada novo, que apuntala ó equipo de goberno e deixa de lado as necesidades do Concello e dos seus veciños.- Solicitan que se incrementen as partidas para o Pavillón, para o mantemento de colexios, para mantemento do patrimonio, para levar a cabo a actuación de beirarrúas na Rúa Condesa, que se promocióne o Monte do Castro, que se cree unha partida para o fomento do emprego e se incrementen as inversións e se recupere a BTTinto e se diminúan as partidas de soldos do equipo de goberno e asesores.

Que lles supón unha tristeza que o diñeiro dos veciños se gaste en soldos e para pagar facturas correntes so; que se se vota máis da hemeroteca se ven as intervencións de cando o equipo de goberno estaba na oposición e agora se compara con estes presupostos non entende hai quen entenda tal cambiou de actitude ou de ideas.- Dí que con que este presuposto fora igual que os presupostos de cando gobernaba o P.P. se darían por satisfeitos.

Remata dicindo que espera que non pase como o ano pasado que faloron todos os grupos do equipo de goberno e eles non tiveron dereito a réplica.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e dí que algúns pasan horas en facer números para que se entenda e outros falan de números sen dicir nada.- Dí que é mentira que se baixe o gasto en Servizos Sociais que dende o ano 2015 que había 269.900 euros se pasa neste ano a 314.285,30 euros, aínda que é certo que a partida de emerxencia social e axudas para libros baixou algo porque nestes anos non se viña gastando porque non o solicitaban (o ano pasado solicitouse e concedéronse 1.300 euros).- Pero lémbrelle tamén que no ano 2014 había unha partida para emerxencia social de 32.000 euros e no 2015 a Sra. Peña a baixou a 20.000.-

Respecto ó retraso dí que é certo que ten algo de retraso pero que ela aprobou o presuposto algún ano no mes de agosto e o do Estado central estáse aprobando tamén hoxe.- E o que ten dito de pagar compromisos electorais resulta que o ano pasado dixo que se pensaba externalizar a escola de verán para contratar empresas amigas e como non resultaba mellor continuouse facendo con persoal propio e agora tamén aclara que o persoal que se contrate é porque é necesario non para pagar favores.- En canto á promoción de emprego dí que os números tamén poden dicir que en promoción de emprego se gastarán 20.000 euros, segundo como se interprete; por desgracia o Concello non ten competencias en promoción de emprego: lembra que o P.P. esixiu que se contratara a un orientador laboral e a Xunta non concedeu a axuda porque Ribadumia non chega a 500 parados.

Tamén dixo que se gasta máis en festas e iso é porque o Concello organiza a Festa do Tinto e o Concello pode saber cantos gastos e ingresos e antes non é certo que se gastara 50.000 euros porque a maiores o Concello pagaba á pulpeira, dúas orquestras e outros gastos, pero así nunca se sabía canto costaba realmente a festa porque a maioría dos gastos e ingresos os controlaba a comisión de festas.

Polo que respecta ós investimentos dí que se incrementou a porcentaxe respecto do orzamento dende o ano 2015 (en 2015 foi un 13,70%; en 2016 un 15,28% e en 2017 co Plan Marco é un 14,80%)

Da conta dos investimentos en saneamentos, alumeados, turismo, vías públicas e compara os importes deste ano cos dos dous anos anteriores; dí que os saneamentos agora quedan por facer os máis difíciles ou os que teñen algún tipo de problema; en alumeados hai que investir en regularizar os que están mal e dar de alta os de tanto alzado; en administración non había licencias para moitos ordenadores; lembra á Sra. Peña que a competencia do Concello en materia de educación é a de manter os centros non realizar obras maiores.-

En resumo dí que se están mellorando e prestando tódolos servizos sen subir os impostos (este ano se teme que poida subir os ingresos por la regularización do Sr. Montoro) e se incrementan as actividades a prestar co que se incrementan os ingresos polas mesmas e os gastos correspondentes.

A Sra. Moimenta Otero pregunta se a Sra. Peña sabe canto costaba á Festa do Tinto que facía a Asociación de Viticultores e canto aportaba ó final o Concello para a Festa; e se se pedía xustificante da axuda que daba ó Concello.

A Sra. Peña Muñiz contesta que no presuposto de 2015 se recollía 50.000 euros para a festa e non se lles daba á Asociación senon que se pagaban facturas da festa e iso é o que o Concello aportaba.

A Sra. Moimenta lembra novamente que se pagaron 1.700 euros por unha comida de 500 comensales e pregunta quen pagou o resto; e se pagaron por 3 orquestas (entre as que estaba Panorama) 11.200 euros e pregunta quen e cómo se pagou o resto; cómo pode saber se o gasto da festa é moito se non sabe canto costa realmente; e pregunta quen controlaba os ingresos da festa.- Dí que agora o Concello controla tanto os gastos como os ingresos e pode saberse exactamente canto costa a festa e en qué se gasta cada euro.

A Sra. Peña Muñiz contesta que a Comisión se facía cargo dunha serie de gastos e o Concello doutros; que ó Concello lle costaba 50.000 euros e que a factura da comida só se pagaba as dos invitados.- Que mire a contabilidade e a factura de bebidas e consumicións da que falou noutra ocasión non está rexistrada no Concello.

O Sr. González Lede lle contesta que hai instalados 75 composteiros domésticos e os comunitarios; se están barallando datos e pensa que se está subindo en reciclaxe por riba de 3 ou 4 puntos respecto dos últimos anos; pero a taxa de SOGAMA subiu e se non se reciclara máis o gasto subiría moito máis.

O Sr. Oubiña Lago dí que falar de números é fácil e se poden dar as interpretacións que queiran para desvirtuar as cousas; dí que é evidente que a festa agora está máis controlada porque o paga todo o Concello pero tamén ingresa todo o que a mesma orixina; se é cara ou barata dependerá do tipo de festa que se queira, pero o que sí está claro é que supón un avance en claridade e transparencia.

Dí que se ten feito un centro novo para Servizos sociais para organizar o Concello doutra forma e se está facendo un gran avance na organización da administración municipal; engade que as obras hai que facelas segundo as necesidades e axustándose ás normativas e ós proxectos; que cando chegou este equipo de goberno atopouse ca desfeita que había nas obras que se estaban a facer no campo de fútbol: que non se axustaban ó proxecto; que había obras feitas que estaban incluídas noutro proxecto que aínda estaba sen facer e cousas así; o facer obras como a Aula de Natureza que logo non se lle deu uso e está desfeita.-

Respecto ó gasto de enerxía eléctrica dí que non houbo un ano que ela gastara menos e que agora se están levando a cabo actuacións para tentar reducir o consumo (cambios de potencia, legalización de instalacións, eliminar tantos alzados e outras).

Dí que o P.P. non fixo ningunha proposta (que él cando estaba na oposición facía propostas aínda que non as tivera en conta), que dixo agora algunha na súa intervención, pero non antes; e que incluso se lles deu a posibilidade de aplazar este pleno e eles non contestaron se querían aplazalo.

Toma a palabra o Sr. Serantes e dí que escoitando a súa intervención non ten claro quen forma parte do goberno e quen da oposición (igual que cando les faen preguntas a eles); dí que é certo que as persoas soen ser de costumes.

Que a portavoz do equipo de goberno ten a costume de chamarlles mentirosos por sistema e iso molesta e non sabe se é que no seu ámbito persoal se move entre mentiras; igual que a Sra. Moimenta que insiste sistemáticamente nunha factura que non está en contabilidade.- Que a documentación do pleno se lles va mandando en varios días e a veces repiten a documentación co que non saben se é a mesma ou non e que isto xa ven pasando noutras ocasións.

Dí que están facendo insinuacións veladas hacia o seu grupo que non son de bo gusto.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e dí que a Sra. Peña faltou á verdade nos datos que dixo, que ela conta o que lle interesa e que é mentira que se invista menos en Servizos Sociais e o demostrou e por tanto non ten porqué ofenderse cando dí que minte.- Que a documentación que se lles mandou hoxe foi para recoller unha proposta que eles fixeron na Comisión Informativa; respecto ás insinuacións dí que alguen o ano pasado insinuou que se ían contratar empresas amigas e agora que se incrementa o gasto de persoal para pagar favores electorais.

A Sra. Peña contesta que ela non dixo en servizos sociais senon en emerxencia social e en libros e deu conta das partidas que figuran no presuposto; e falou de cantidades en investimentos non de porcentaxes: ela fala de cantidades e a Sra. Martínez de porcentaxes; que non lle vai consentir que lle diga que minte.

Fae uso da palabra o Sr. Alcalde e dí que están de acordo en que é un documento importante; que é realista, transparente e sensato e da grazas á Concelleira de Contas e ó servizo de intervención pola súa claridade.

Que en presupostos anteriores os veciños non se enteraban, eran vagos e non realistas e este trata de plasmar a realidade e a legalidade e invita a facer unha auditoría se teñen dúbidas.

Respecto a que se somete a aprobación con retraso dí que estaban esperando a que o Sr. Montoro aprobara os xerais para saber en que afecta ó persoal e outros



aspectos locais e aínda non os aprobou, e que a Xunta o aprobou en febreiro.- Tentarán de traelos en prazo.

Dí que se trata de que sexan o máis exactos posibles e para elo se basa en previsións, pero tamén nos gastos reais dos anos anteriores.- Que son transparentes e se alguén ten algunha dúbida os pode consultar xa que tamén vanse colgar na páxina web; que ela falou de que as obras do Plan Concellos de 2016 están aínda sen executar e dí que é o equipo de goberno cando e como van a facer as obras, que ela agora está na oposición.

Engade que tamén falou de persoal e dí que utiliza os medios de comunicación para non dicir toda a verdade: que cando estaba ela ó persoal contratado con cargo ó plan de emprego se lles pagaba 450 ou 600 euros/mes e agora se paga sobre 1.000 euros; que ela pideu que se contratara o persoal dende primeiro de ano e agora resulta que dí que se gasta moito en persoal.- Que este equipo gasta toda a subvención que se concede para contratación de persoal e ten que aportar unha cantidade importante de fondos propios porque ten que pagar a diferenza para pagarlles un soldo digno.-

Respecto á obra no Río Xián di que ela foi unha irresponsable porque cando se causou o desperfecto non se pasou parte ó seguro nin se reparou e que agora tense feito un presuposto sobre 3.000 euros e se procederá á súa reparación cando sexa posible.- Lémbrale á Sra. Peña que no ano 2004/2005 invertíronse case 100.000 euros no Refuxio de Pescadores e pódese comprobar o estado de abandono e deterioro en que se atopan as instalacións o que supón un dispilfarro xa que non se utilizaron nin mantiveron as instalacións.

Polo que atinxe ó alumeadado público dí que hai moito que falar; que cando chegou este equipo de goberno había unha problemática coas facturas da luz; se entendía que se podía aforrar e cando se tentaron facer xestións resulta que gran parte do alumeadado estaba ilegal (unha labor que fixo o asesor urbanístico foi, entre outras moitas facer un inventario de todo o alumeadado público para saber como estaba); que agora se van a investir uns 68.000 euros para legalizar gran parte proque é necesario se se quere negociar con outra compañía eléctrica ou as potencias; proque cun plan de aforro enerxético se podería aforrar ata 60.000 euros; e sen facer grandes inversións pode aforrarse 23.000 euros anos, pero non se chega a iso porque o goberno central do P.P. subiu a luz.- Se está a facer unha auditoría enerxética e vanse a solicitar unhas axudas ó IDAE para tentar mellorar o alumeadado e poder alcanzar ese aforro.

Polo que respecta ós gastos do equipo de goberno dí que se cansou de dicir o que cobra o Tenente de alcalde liberado e él, e que a Sra. Martínez e a Sra. Moimenta están case tódolos días no concello traballando e non cobran nada; que o Alcalde cobra 1.200 ó mes e o Sr. Oubiña 1.800 euros e o Sr. Serantes Alvarez cobra 46.000 euros ó ano tamén dunha administración pública por ser asesor dun grupo político na oposición e ela supón que sobre uns 2.000 euros ó mes (que se lle ten preguntado varias veces e non contesta)

A Sra. Peña contesta que percibe asistencias a plenos e comisións da Deputación; que él non acepta que se lles diga que aumentaron os gastos do equipo de goberno e é verdade.- Dí que fale do presuposto de Ribadumia que ela non ten porque decir canto cobra da Deputación.

O Sr. Alcalde continúa coa súa intervención dicindo que a persoa que ela dí que é a secretaria do alcalde é unha traballadora do concello, non secretaria particular; que ela cando gobernaba tiña a unha exconcelleira como secretaria particular, ó Sr. Mougán como encargado de obras e a unha persoa de prensa que cobraban da Deputación.- Que a que ela chama secretaria particular é unha traballadora máis que realiza moitas funcións e o asesor urbanístico tampouco forma parte do equipo de goberno que está facendo unha labor moi importante en materia de alumeados, en materias de inventariado de servizos, en revisión e dirección de obras municipais, en emisión de informes en temas urbanísticos e outros moitas funcións.

Que non quere facer como ela en asuntos urbanísticos que asinou un Convenio coa Igrexa para a compra do terreo do Tanatorio que supoñía que o Concello tería que pagar 40.000 euros máis 10.000 a maiores se non se facía unha modificación que ela sabía que non se podía facer e pregunta se non é certo porque iso está analizado; que chegou a un acordo para ceder 2.000 m<sup>2</sup> no Monte da Condese e sabía que o Concello non tiña eses terreos.

Ou como sucede coa Pousada que a Igrexa dixo que había incumprimentos do Convenio e que non se cumpre o Plan Parcial de Santa Eulalia e houbo que remitir o escrito presentado polo Arcebispado á Deputación Provincial.

Polo que respecta ós colexios dí que este goberno está disposto en axudar á Xunta no mantemento das instalacións educativas pero non a asumir competencias que non lle corresponde.- Que terán que negociar coa Xunta que invista no colexio e ela tería que apoiar iso e non só criticar ó Concello.

Lembra que se van a investir case 70.000 euros para legalizar alumeados que ela non legalizou en 15 anos.

En canto a emerxencia social dí que se plasma a realidade e se hai máis gasto logo se farán as modificacións que sexan posibles e necesarias, pero nos últimos anos non se gastou máis.-

En canto emprego dí que no ano 2012 había 600 desempregados en Ribadumia e agora hai sobre 350 e que con menos de 500 estamos limitados para a axuda do Orientador Laboral e algunha outra, pero o importante é que baixe o número de parados.

Di que o departamento de Servizo Sociais se levou para outro emprazamento; que este goberno está comprometido co este tema e entendíase que este servizo debería de estar separado das oficinas municipais e manter a intimidade das consultas e agora tense previsto ampliar para que sexa máis operativo e poder coñecer as incidencias e solucionarlas; que este cambio non vai a quitar ningún punto de calidade o servizo porque este é esencial.

Polo que respecta á Festa do Tinto di que é realista e pregunta que gasto é o que non quere facer ou onde baixaría e tamén se ten que facer fronte ós gasto da

SGAE, que antes non sabe como se faría porque veñen reclamando factura de 3.000 ou 4.000 euros de anos anteriores á Asociación e eles dín que o responsable é o Concello; que agora se ingresa todo e se paga todo legalmente e non hai gastos sen declarar como podía haber antes en gastos que se facía cargo a Asociación.- A BTTinto este equipo non a apoia porque non representaba o beneficio para Ribadumia que se pretendía; que supuxo un gasto de 45.000 euros que habería que quitar doutra festa ou doutro evento.

Manifesta que o servizo da recollida de lixo e punto limpo pode ser mellorable, pero é herdanza do anterior goberno: as persoas son as mesmas e os medios os mesmos e aínda así están realizándose xestións para facer cambios e mellorar, pero hai que facer estudos a fondo.

Remata dicindo que lle sorprende, en xeral, que sexa tan pouco realista e tan pouco xestora na interpretación dos presupostos, e sabía que non os ían a apoiar.

O Sr. Serantes Alvarez insiste en que a documentación se mandou por parte porque se fixeron modificacións recollendo as intervencións na Comisión Informativa.- Que a Sra. Peña non asistiu á Xunta de portavoces e tampouco se lle deu motivo para retrasalo e pregunta se ela houbera pedido que se fixera noutro día se se houbera feito.- Non tería ningún problema en retrasala.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor (I.R., PSdeG-PSOE e Somos Ribadumia) e cinco en contra (P.P.), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento para o exercicio de 2017, cunha cuantía de TRES MILLÓNS CATROCENTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS (3.474.755,00 €), co resumo por capítulos que a continuación se expresa:

<b>ESTADO DE GASTOS</b>		
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe</b>
1	Gastos de persoal	1.181.460,00
2	Compra de bens correntes e de servizos	1.628.179,13
3	Gastos financeiros	0
4	Transferencias correntes	175.711,80
6	Investimentos reais	482.404,07
7	Transferencias de capital	0
8	Variación de activos financeiros	7.000,00
9	Gastos financeiros	0
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b>		<b>3.474.755,00</b>

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>		
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe</b>
	<b><u>A) Operacións correntes:</u></b>	
1	Impostos directos	1.094.300,00
2	Impostos indirectos	30.500,00
3	Taxas e outros ingresos	628.090,00
4	Transferencias correntes	1.373.942, 13
5	Ingresos patrimoniais	3.500, 00
	<b><u>B) Operacións de capital s:</u></b>	
7	Transferencias de capital	337.372, 87
8	Variación de pasivos financeiros	7.000, 00
<b>TOTAL</b>	<b>PRESUPOSTO DE INGRESOS</b>	<b>3.474.755, 00</b>

**Segundo.-** Aprobar asemesmo as Bases de Execución e o cadro de persoal e relación de postos de traballo que integran o mesmo, para o exercicio de 2017.

**Terceiro.-** Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado na lexislación vixente.-

**Cuarto.-** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente có cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo o disposto no artigo indicado anteriormente da Lei Reguladora das Facendas Locais; e noutro caso o Pleno resolverá sobre as reclamacións presentadas no prazo dun mes.-

**Quinto.-** Que se proceda á remisión dunha copia do Orzamento Municipal á Delegación Provincial de Facenda e á Consellería de Presidencia, Admnsitracións Públicas e Xustiza, ós efectos oportunos.-

### **3º.- ADECUACIÓN DE FICHEIROS Á L.O.P.D.**

Dase conta de que para adaptar os ficheiros de carácter persoal que utiliza o Concello de Ribadumia é preciso facer a modificación que se propón para adaptalos á Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal, xa que este asunto tamén estaba sen adaptar.

Dase conta dos ficheiros que se crearán e o contido dos mesmos, e así mesmo dase conta dos ficheiros que serán suprimidos e que constan actualmente dados de alta por estar obsoletos ou non existir o servizo.

A Sra. Peña dí que todo o que sexa para dar cumprimento á Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal van a estar de acordo, pero que xa dixo na Comisión Informativa que xa aprobouse un ficheiro para o control biométrico do persoal e que podería terse tratado todos os ficheiros conxuntamente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que esto se tiña que ter feito hai moito tempo e o equipo anterior non o fixo e agora este equipo de goberno ten que asumir esta responsabilidade.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Crear conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e en concordancia cos artigos 52 e seguintes do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal aprobado por Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, os ficheiros que se indican de datos de carácter persoal , cos datos que se recollen no regulamento anexo.

### ***"Reglamento de ficheros de datos de carácter personal del Ayuntamiento de Ribadumia"***

#### *Artículo 1.*

*Los ficheros del Ayuntamiento de Ribadumia en los que se contienen y procesa datos de carácter personal son lo que están recogidos en este Reglamento.*

#### *Artículo 2.*

*Se crearán los siguientes ficheros de datos de carácter personal en el Ayuntamiento de Ribadumia:*

*PORTELO ÚNICO Y REGISTRO  
PADRÓN DE HABITANTES  
PERSONAL  
CURRICULUMS  
SERVICIOS SOCIALES  
DESARROLLO LOCAL  
AGENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA  
PARTICIPANTES EN ACCIONES DE PROMOCIÓN DE EMPLEO  
FORMACIÓN  
GESTIÓN ECONÓMICA  
RECAUDACIÓN  
CONTRATACIÓN  
LICENCIAS Y AUTORIZACIONES*

URBANISMO  
RESPONSABILIDAD DE INTERESES DE MIEMBROS DE LA CORPORACIÓN  
RESPONSABILIDAD ADMINISTRATIVA  
CULTURA Y DEPORTES  
BIBLIOTECA  
MEDIOAMBIENTE  
REGISTRO CANINO Y ANIMALES PELIGROSOS  
ESCUELA INFANTIL  
PAREJAS DE HECHO Y MATRIMONIOS CIVILES

### **Artículo 3.**

*Los ficheros incluidos en el ámbito de la Lei Orgánica 15/1999, creados antes de la aprobación de este reglamento serán suprimidos, a excepción del fichero CONTROL BIOMÉTRICO que se mantiene registrado.*

#### **Serán suprimidos:**

- 1.- Fichero Agentes de Promoción Económica.
- 2.- Fichero de Cividas.
- 3.- Fichero de participantes en acciones de promoción de empleo.
- 4.- Fichero de Usuarios de servicios sociales.
- 5.- Fichero de Contabilidad.
- 6.- Fichero de Padrón.
- 7.- Fichero de Contribuyentes recaudación.

### **Artículo 4.**

*La titularidad de la responsabilidad de los ficheros corresponderá directamente al Ayuntamiento de Ribadumia.*

### **Artículo 5.**

*Podrán ejercitarse los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición en las inmediaciones del Ayuntamiento de Ribadumia.  
En el Ayuntamiento se facilitarán formularios para realizar la solicitud mediante escrito, que deberá ir acompañado de una copia de su DNI.*

### **Artículo 6.**

*Dando cumplimiento al artículo 20.2 de la Ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal, se indica, en relación a los ficheros de nueva creación: finalidad del fichero y usos previstos para el mismo, las personas o colectivos sobre los que se pretenda obtener datos de carácter personal o que resulten obligados a suministrarlos, la estructura básica del fichero y la descripción de los tipos de datos de carácter personal incluidos en el mismo, los destinatarios de cesiones, las medidas de seguridad con indicación de nivel básico, medio o alto exigible y el sistema de tratamiento de datos de carácter personal.*

<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>PORTELO ÚNICO Y REGISTRO</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Registro de entrada de documentación en la Xunta, Procedimiento administrativo</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y Residentes, Solicitantes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal, Administraciones Públicas</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Otros Órganos de la Administración del Estado, de Comunidad Autónoma, Diputación Provincial y Otros Organos de la Administración Local.</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>PADRÓN DE HABITANTES</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Padrón de habitantes</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Fecha de nacimiento, lugar de nacimiento, Académicos y profesionales</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Instituto Nacional de Estadística, Órganos de la Administración del Estado, de Comunidad Autónoma que necesiten datos del padrón de habitantes para realizar notificaciones de ausentes, órganos judiciales</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>PERSONAL</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Recursos Humanos, Gestión de nóminas</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Empleados</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal, Administraciones Públicas</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Nº Seguridad Social, Firma, Características Personales, Académicos y profesionales, Detalles del empleo, Económicos, financieros y de seguros, Transacciones de bienes y servicios</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Organismos de la Seguridad Social, Hacienda Pública y Administración Tributaria, Órganos de Comunidad Autónoma, en concreto: Xunta de Galicia: Presidencia, trabajo y Bienestar, Órganos de la Administración de Estado: INEM.</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>Sistema de Tratamiento</b>	<i>Mixto</i>

<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>CURRÍCULUMS</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Recursos Humanos</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Solicitantes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Características personales, Circunstancias sociales, Académicos y profesionales, Detalles del empleo, imagen</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	-
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>SERVICIOS SOCIALES</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Servicios Sociales</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Nº Seguridad Social, Firma, Tarjeta sanitaria, Características personales, Circunstancias sociales, Académicos y profesionales, detalles del empleo, Económicos, financieros y de seguros, Salud, Vida sexual, Datos relativos a infracciones penales o administrativas</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Órganos judiciales, Otros Órganos de la Comunidad Autónoma: Xunta: Trabajo y Bienestar, Diputación Provincial</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Alto</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>DESARROLLO LOCAL</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Asesoramiento sobre la búsqueda de empleo, creación de nuevas empresas.</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Características personales Académicos y Profesionales, Detalles del empleo</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Entidades privadas que soliciten currículums para cubrir puestos vacantes propios</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>



<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>AGENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestionar los datos de los agentes de promoción económica que prestan los servicios en el Ayuntamiento, con la finalidad de ser identificables por los usuarios a los que se dirigen las acciones</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Empleados</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Otros Órganos de la Comunidad Autónoma: Concejalía de trabajo e Bienestar.</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>PARTICIPANTES EN ACCIONES DE PROMOCIÓN DE EMPLEO</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Recursos Humanos</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Solicitantes, Ciudadanos y Residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Información Comercial, Características Personales, Académicos y profesionales, Detalles del Empleo, Imagen.</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Otros Órganos de la Comunidad Autónoma: Concejalía de Trabajo y Bienestar, Otros: C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia)</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>FORMACIÓN</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión de cursos de formación, Educación y cultura</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal, otras personas físicas, Administración Pública</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Nº Seguridad social, Académicos y profesionales</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Administración del Estado: INEM</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>

<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>GESTIÓN ECONÓMICA</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión contable, fiscal y administrativa</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, teléfono, Económicos, financieros y de seguros, Transacciones de bienes y servicios</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Hacienda Pública y Administración Tributaria, Tribunal de cuentas, Concejalía de cuentas, Órganos de Comunidad Autónoma: Xunta de Galicia, Diputación Provincial, Bancos, cajas de ahorro y cajas rurales</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>RECAUDACIÓN</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Cobro de tributos municipales</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Económicos</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Hacienda Pública e Administración Tributaria</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>CONTRATACIÓN</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión de contratación de obras y/o servicios para el Ayuntamiento</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes, proveedores</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, dirección, Teléfono, Firma, Características personales, Circunstancias sociales, Académicos y profesionales, Económicos, financieros y de seguros, Transacciones de bienes y servicios</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Tribunal de cuentas, Órganos de la Administración del Estado: Ministerio de Hacienda, Otros Órganos de Comunidad Autónoma: Concejalía de cuentas, Entidades Aseguradoras</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>

<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>LICENCIAS Y AUTORIZACIONES</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión de licencias de apertura, de obras, ferias o actividades culturales, procedimiento administrativo</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, teléfono, Nº Seguridad Social, Firma, Circunstancias sociales, Académicos y profesionales, Detalles del empleo, Económicos, financieros y de seguros, transacciones de bienes y servicios</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Instituto Nacional de Estadística, Órganos de la Administración del Estado: Ministerio de Fomento, Delegación de Gobierno, Órganos de Comunidad Autónoma: Xunta: Concejalía de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras, Diputación Provincial, Guardia Civil, SGAE.</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>URBANISMO</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión de actos de planeamiento, gestión y disciplina urbanística</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Circunstancias sociales, Económicos, financieros y de seguros</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Órganos de la Administración de Estado: Ministerio de Fomento, Órganos de Comunidad Autónoma: Xunta: Concejalía de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras, Diputación Provincial</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>RESPONSABILIDAD ADMINISTRATIVA</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Resarcir a los particulares de las lesiones producidas en sus bienes y derechos por el funcionamiento del Ayuntamiento</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Otros Órganos de Comunidad Autónoma: Xunta: Consello Consultivo, Entidades Aseguradoras</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>

<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>REGISTRO DE INTERESES MIEMBROS DE LA CORPORACIÓN</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión y control de choque de intereses de los miembros de la corporación</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Características personales, Circunstancias sociales, Académicos y profesionales, Económicos</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	-
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>CULTURA Y DEPORTES</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Educación y cultura, organización de eventos y actividades deportivas, de ocio y culturales</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, características personales, Circunstancias sociales, Académicos y profesionales, Académicos y profesionales, Económicos, financieros y de seguros</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Entidades privadas que colaboran en la organización de actividades culturales y/o deportivas, Diputación Provincial, Organos de Comunidad Autónoma: Concejalías de la Xunta para solicitar subvenciones.</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>BIBLIOTECA</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Educación y Cultura</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Características personales</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	-
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>MEDIOAMBIENTE</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión de denuncias en materia de medioambiente</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>

<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Fuentes accesibles al público, Administraciones Públicas</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Circunstancias sociales</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Órganos Judiciales, Órganos de la Administración del Estado y de Comunidad Autónoma con competencia en medio ambiente para dar traslado de las denuncias en esta materia a nivel estatal y autonómico.</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>REGISTRO CANINO Y ANIMALES PELIGROSOS</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Procedimiento administrativo, Seguridad Pública y Defensa</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal, Administración Pública</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Transacciones de bienes y servicios, Datos relativos a infracciones penales o administrativas</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Otros Órganos de Comunidad Autónoma: Xunta: Presidencia</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Medio</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>ESCUELA INFANTIL</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Gestión administrativa de la Escuela Infantil, gestión de plazas.</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>Tutores y menores</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>Propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos; DNI; Fecha Nacimiento; Dirección; Teléfono; Firma; Datos Académicos y profesionales; Económicos, Financieros y de Seguros; Datos de la unidad familiar; datos de salud; Imagen</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Entidad Privada encargada de la gestión del espacio infantil de juego</i>
<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Alto</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>
<b>NOMBRE DEL FICHERO</b>	<b>PAREJAS DE HECHO Y MATRIMONIOS CIVILES</b>
<b>FINALIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Tramitación y registro de las parejas de hecho y matrimonios civiles</i>
<b>INTERESADOS</b>	<i>ciudadanos y residentes</i>
<b>ORIGEN DE LOS DATOS</b>	<i>propio interesado o su representante legal</i>
<b>TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO</b>	<i>Nombre y apellidos, DNI, Dirección, Fecha de Nacimiento, Firma</i>
<b>DESTINATARIOS DE CESIONES</b>	<i>Órganos judiciales</i>

<b>NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO</b>	<i>Básico</i>
<b>SISTEMA DE TRATAMIENTO</b>	<i>Mixto</i>

***Disposición final.***

*Este Reglamento entrará en vigor después de que se publique su texto en el Boletín Oficial de la Provincia y que transcurra el plazo reglamentario de 30 días al que se refieren los artículos 70.2 y 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Régimen Local.*

SEGUNDO.- Solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

TERCEIRO.- Publicar integramente o contido do acordo no *Boletín Oficial da Provincia*.

CUARTO.- Notificar á Axencia Española de Protección de Datos o contido do Acordo adoptado.

**4º.- ORDENANZA DE SINAIS DE CARÁCTER PUBLICITARIO NA VÍA PÚBLICA**

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago e manifesta que nos últimos anos o número de sinais publicitarias que instalaron nas vías públicas foi aumentando, sobre todo no centro urbán, e realizouse de forma caótica ó non ter unha normativa ó respecto e da lugar a que a veces acumúlanse varias no mesmo lugar e son todas diferentes ou impiden a visibilidade doutros sinais; ou que cando se ía a poñer unha sinal o propietario da anterior non permitía poñela no mesmo soporte e había que poñer outro; non había taxa de ocupación da vía e outras cuestións.

Con esta normativa se normaliza a sinalítica, establécense criterios de seguridade e se adapta a taxa a esta ocupación específica.

Da conta resumida dos principais aspectos da norma: establécense tres tipos de sinais (altas, baixas e tótems) e das condicións de instalación e do procedemento para a súa autorización, así como dos modelos e características dos sinais.-

Informa que as taxas anuais serían de 50 € pra as empresas asentadas en Ribadumia e 100 € para as empresas de fora de Ribadumia.

A taxa pola alta e da parte proporcional do soporte é de 100 € por sinal para as empresas asentadas en Ribadumia e de 200 € para as empresas asentadas fora.-

Dí que os sinais que están actualmente colocados non se lles cobrará a taxa de alta e do soporte, pero sí terán que rexistrarse se a queren seguir mantendo e pagar a taxa anual e, no seu caso, adaptala á norma.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e dí que quere facer unha aclaración á alusión que se ten feito respecto ó seu traballo e o Sr. Alcalde lle dí que se axuste ó punto da orde do día.

O Sr. Serantes Alvarez manifesta que esta ordenanza podería estar ben se só fora indicativa e reguladora dos sinais, pero sobra a parte da taxa e o afán recadatorio da mesma e dí que se será necesario buscar como recadar máis polo incremento do custo dos soldos do equipo de goberno.- O Sr. Alcalde lle reitera que se ciña ó punto da orde do día.-

Entende que este é o motivo para traer estas taxas e que aínda que está habendo recuperación económica non é suficiente para agora aprobar novas taxas; que primeiro intentaron subir as da gardería, logo subiron as da escola de ocio.

O Alcalde lle volve a solicitar que se ciña ao punto da orde do día e non a un discurso político e o Sr. Serantes pide que lle permita intervir.-

Continúa dicindo que continuamente están traendo a pleno subidas de taxas e impostos e aumentando a presión fiscal dos veciños; que se están aprobando taxas que ata de agora non había e a explicación é o custo do equipo de goberno, e lle dí ó Sr. Alcalde que se está interesado en saber datos do seu traballo que pode darlle explicacións.- Que estánse creando taxas e aprobándoas pleno tras pleno e subindo a presión fiscal dos veciños e empresas e insiste que para pagar os gastos do equipo de goberno.-

O Sr. Alcalde insiste en que se ciña ó punto da orde do día.

O Sr. Serantes Alvarez dí que é a segunda vez que lle quita a palabra e pregunta quen é o mal educado; que iso é abusar da autoridade que lle dan os veciños de Ribadumia; que o Alcalde non ten autoridade para ningunearlle; que eles respetan e que son representantes dos veciños e non quere que lles tomen o pelo.

O Sr. Alcalde dí que pediulle varias veces que se ciña ós puntos da orde do día; que os plenos os dirixe él e debe tratar que se ciñan á orde do día e que o equipo de goberno sí permite a participación de todos.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R., PSdeG-PSOE e Somos Ribadumia) e cinco en contra (P.P.), acorda:

1º.- Prestar aprobación á Ordenanza de sinais de carácter publicitario na vía pública, co contido seguinte:

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON SINAIS INDICADORAS DE CARÁCTER PUBLICITARIO UBICADOS NAS BEIRARRÚAS VÍAS E PRAZAS PÚBLICAS.*

**ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO**

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a taxa por aproveitamentos especiais da vía pública pola colocación de sinais publicitarias de dirección para establecementos comerciais e empresas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado real Decreto Legislativo*

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos vía pública (beirarrúas, viais, prazas e outros terreos de dominio público) con sinalética (sinais publicitarias de dirección) que se serven os diferentes establecementos comerciais e empresas do concello, para sinalizar as dirección que levan a suas instalacións .

A ordenanza non será de aplicación a outro tipo de sinais, de carácter publicitario, que non sirvan para facilitar a orientación os vehículos ou persoas do sentido que deben adoptar no percorrido hacia as suas instalacións.

Se entende por señalética: "Conxunto de sinais ou símbolos que cumpren a función de guiar, orientar e organizar as persoas hacia su destino dentro de espazos públicos".

#### **ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO**

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible e en calquera caso, a entidade titular da actividade ou empresa que se solicita a sinalización.

2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.

3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

#### **ARTIGO 4º. TARIFAS**

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será:

**Por unidade de sinal, ó ano:**

- **Empresas asentadas no Concello de Ribadumia: 50 €**
- **Empresas asentadas fora do Concello de Ribadumia. 100 €**

Establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar perante a Administración tributaria a instalación e a desinstalación da sinal o sinais.

O solicitante, previa solicitude co número de sinais e a súa preferencia de ubicación, deberá abonar o custo das sinais normalizadas e as obras para súa instalación nos servizos de vías e obras do concello, quen fará entrega das mesmas para o seú grafiado previo, correcorespondendo o solicitante o pintado o marcado da mesma coa sinalización corporativa que resulte autorizada, para a posterior colocación nos soportes por parte do persola do concello e nos soporte que se habiliten na ubicación axeitada.

**O custo das sinais e a parte proporcional do soporte para súa instalación se establece en 100€ por sinal, para as empresas asentadas no Concello de Ribadumia, e 200€ para as empresas asentadas fora do Concello de Ribadumia, que serán abonados coa primeira instalación.**

Corresponde o solicitante o mantemento do contido da sinal e a reposición en caso de deterioro dos materiais que a compoñen.

#### **ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO**



*A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva autorización, coa instalación da correspondente sinal publicitaria.*

*A preceptiva autorización deberá obterse da Administración municipal previamente a súa instalación. Para as sinais xa existentes e que contén coa preceptiva autorización, comezarán a aboar a tarifa dende a entrada en vigor desta ordenanza.*

### **ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN**

*1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna autorización, onde se recolla o punto ou puntos xeográficos onde se solicita a colocación de sinais.*

*En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no regulamento de bens das entidades locais aprobado polo real decreto 1372/86.*

*Unha vez revisada a solicitude, o Concello de Ribadumia, a través dos seus técnicos municipais, dictará informe favorable ou desfavorable á colocación das sinais solicitadas, e definirá, en función os criterios de adecuación que o Concello de Ribadumia estableza, cales son con exactitude os puntos onde pode colocarse o sinal, ben nun punto de nova creación, ben añadida a un punto xa existente.*

*O Concello de Ribadumia será o responsable de colocar o soporte que en cada caso sexa preciso para acoller as sinais solicitadas. E o solicitante terá a responsabilidade de elaborar e colocar a sinal no soporte que o Concello e estableza.*

*No caso de que por acumulación de sinais o Concello decida substituír as sinais verticais por un totem, será responsabilidade do Concello substitución de todas as sinais que leven menos de dous anos colocadas, e das empresas anunciantes a substitución das sinais que leven máis tempo.*

*Previamente, no caso de sinais xa colocadas con anterioridade a presente norma, que non se axusten as condicións agora establecidas, deberán adaptarse as novas características, para o cal contarán dun prazo de seis meses a partir da publicación da presente norma. Así mesmo, se o Concello optara por un cambio no soporte das sinais, as empresas estarán obrigadas a adaptarse o novo soporte, según o establecido na presente norma, nun prazo de tres meses a partires da colocación do novo soporte, a partires dos cales o Concello de Ribadumia eliminará da vía pública todo soporte e sinal que non corresponda co establecido.*

*2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.*

*3. As baixas implicarán a retirada da sinal ou sinais autorizadas e a reposición de todos os elementos que se viron afectados para súa instalación, a costa do solicitante e sempre que non se perxudique outra sinal que poidera compartirse nos soportes habilitados para a mesma.*

*4. Será motivo de baixa forzada, ademais da falta de pagamento da taxa anual, o non atender os requirimentos do Concello de Ribadumia para a reposición da sinal naqueles casos onde se observe un mal estado da sinal, ou nos casos onde o Concello opte por cambiar o soporte das sinais, a non adecuación no prazo establecido.*

### **ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

*1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co seguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de*

*trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento especial.*

*Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se producira o aproveitamento citado.*

*2. O Concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda. o pagamento da taxa se realizará por ingreso directo na tesourería municipal, ou nas entidades bancarias que establecece o Concello.*

### **ARTIGO 8º. TIPOLOXIA E UBICACIÓN DAS SINAIS**

*Se establecen tres tipos de sinais:*

- 1. Sinais baixas o ata a cota +1,20 m.*
- 2. Sinais alta o sobre a cota +2,00 m*
- 3. Totems*

*As Características das sianis seran:*

*1.- Sinais baixas; instalaránse sobre dous soportes de aceiro galvanizado de 5 mm de espesor, e sección rectancular de 80 x 40 mm e tapa superiro soldada e tratamento de protección. Até unha altura máxima de 1200 mm. Empotraranse no solo uns 300 mm con hormigón.*

*As sinais, serán do mesmo material e as dimensións serán 1200 mm de largo e 300 mm de alto. O borde será de 25 mm, irá redondeado para evitar que poida producir cortes. Dentro do corpo do sinal a empresa poderá colocar o logo que considere oportuno, mais todo perímetro do corpo da sinal deberá estar rodeado cun cerco acorde cas cores habituais na sinalectica municipal, neste caso violeta púrpura ( RAL 4007 ; RGB 074-025-044 ; HEX #4A192C ), esa mesma cor usarase para determinar a distancia, especificada en metros para distancias inferiores a un kilómetro, e en kilometros para as distancias superiores a un kilómetro. So poderán instalarse tres sinais, separadas 50 mm entre elas e deixando 200 mm libres respecto do solo.*

*2. Sinais Altas; instalaránse sobre un soporte de aceiro galvanizado de 5 mm de espesor, e sección circular de 80 mm de diámetro e tapa superior soldada e tratamento de protección. Até unha altura máxima será de 2640 mm e quedarán 2000 mm libres para o paso de persoas. Se empotrarán no solo uns 40 cm con hormigón e se macizará o tubo.*

*As sinais, serán mesmo material e as dimensión serán 600 mm de largo e 250 mm de alto. O borde será de 25 mm, irá redondeado para evitar que poida producir cortes. Dentro do corpo do sinal a empresa poderá colocar o logo que considere oportuno, mais todo perímetro do corpo da sinal deberá estar rodeado cun cerco acorde cas cores habituais na sinalectica municipal, neste caso violeta púrpura ( RAL 4007 ; RGB 074-025-044 ; HEX #4A192C ), esa mesma cor usarase para determinar a distancia, especificada en metros para distancias inferiores a un kilómetro, e en kilometros para as distancias superiores a un kilómetro. So poderán instalarse dúas sinais, para cada sentido, separadas 50 mm entre elas e deixando 200 mm libres respecto do solo. En planta poderán ir dispostas en cruz, sendo o número máximo de sinais de 8 unidades (2 por cada sentido).*

*3. Os Totems instalaranse sobre un soporte de aluminio de 5 mm de espesor, e sección rectangular de 1200 mm x 100 mm de ancho e unha altura máxima de 2640 mm. Fixaranse ó solo mediante unha base rectangular de 1300 mm x 200 mm de ancho o que irá soldado o*

*Totem e disporá 5 tornillos de anclaxe á base de formigón que servirá de soporte do mesmo e que terá unhas dimensión de 2800 mm x 300 mm x 400 mm de profundidade.*

*O totem disporá de guías, para aloxar as diferentes sinais indicativas, que percorreran polas mesmas a fin de poder substituílas por outras no caso de deterioro o cambio de sinal indicativa.*

*Cada sinal individual terá as seguintes dimensións, 1000 mm de largo por 240 mm de alto, serán de aluminio, de 5 mm de espesor, que se deslizará polas guías dispostas en tal sentido e que se fixarán o soporte con tornillos o tuercas. Dentro do corpo do sinal a empresa poderá colocar o logo que considere oportuno, mais a cor para determinar a distancia, especificada en metros para distancias inferiores a un kilómetro, e en kilómetros para as distancias superiores a un kilómetro, será a designada polo Concello en concordancia coas cores de uso na sinalética municipal, neste caso violeta púrpura ( RAL 4007 ; RGB 074-025-044 ; HEX #4A192C ).*

*En cada totem poderánse instalar un máximo de 8, separadas 10 mm entre elas e deixando libres 500 mm na parte baixa e 150 mm na parte alta.*

*A ubicación será no borde exterior ou interior das beirarrúas, deixando libres o bordillos, e garantindo o paso libre de persoas e a accesibilidade os minusválidos.*

#### **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

*Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei Xeral tributaria e da Lei Xeral Presupostaria.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.*

2º.- Que se expoña ó público a aprobación da devandita Ordenanza, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra dita norma, considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no Boletín Oficial da Provincia.

### **5º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO CO ARZOBISPADO PARA APARCADOIRO NA IGREXA DE BARRANTES.**

Dase conta de que co fin de proceder á ampliación do vial e habilitación de aparcadoiro en Igrexa de Barrantes negociouse co Arcebispo e se presentaron tres posibles propostas (que xa se lles remitiron no mes de outubro e contestaron no mes de xaneiro dicindo que aceptaban a proposta remitida como nº 3) e que o día 29 de marzo asinou o Convenio; que o Arcebispo cede o uso durante 20 anos, ampliables, e explica brevemente o contido do Convenio.

A Sra. Peña Muñiz dí que están de acordo aínda que lamenta que non sexa máis finca para que quedara un aparcadoiro máis amplo.

O Sr. Alcalde di que intentouse e non foi posible polo de agora.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: Ratificar o Convenio suscrito con data 29 de marzo de 2017 ente o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Concello de Ribadumia para a cesión de terreo para ampliación de vial e habilitación de aparcadoiro no entorno da Igrexa de Barrantes, do contido literal seguinte:

**" CONVENIO ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A CESIÓN DE TERREO PARA AMPLIACIÓN VIAL E HABILITACIÓN DE APARCADOIRO NO ENTORNO DA IGREXA DE BARRANTES**

*En Ribadumia a 29 de Marzo de 2017*

**REUNIDOS**

*Dunha parte,*

*D. David Castro Mougán, Alcalde- Presidente do Concello de Ribadumia.*

*Doutra parte,*

*D. José Antonio Ortigueira Barros, maior de idade, con D.N.I. nº 35.442.258-V, en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF R1500020A, e con domicilio a efectos de notificacións en Plaza da Inmaculada nº 1 da mesma cidade de Santiago.*

**INTERVEÑEN**

*O primeiro, en nome e representación do Concello de Ribadumia (Pontevedra), facultado polo Pleno Municipal para a sinatura do presente convenio.*

*O segundo, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela.*

*Todos eles se recoñecen capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente*

**CONVENIO**

*E a tal efecto*

**EXPOÑEN**

*I. O Arcebispado de Santiago de Compostela é titular dunha finca sita no lugar de O Prado, Parcela número 625 do Polígono 504 de Ribadumia, xunto á Igrexa de San Andrés de Barrantes, término municipal de Ribadumia, provincia de Pontevedra, coa seguinte descrición:*

- Finca con referencia catastral 36046F504006250000ZW, correspondente á finca número 625 do Polígono número 4 da Concentración Parcelaria de Barrantes, con inscrición rexistral en Tomo 650, Libro 48, folio 96, finca número 6511, inscrición 1ª.  
*Linda: Norte, finca nº 626 de C.P. propiedade de Ana Belén Prado Abal; Sur e Este, vía pública; Oeste, finca nº 727 de C.P., propiedade de Carmen Martínez Piñeiro.**
- Que ante a necesidade de incrementar as prazas de aparcamento no entorno da Igrexa de San Andrés, o Concello de Ribadumia redactou unha proposta de aparcadoiro ampliando o trazado actual dos viarios de acceso ao templo, seguindo a ordenación recollida no plano adxunto.*
- A ampliación dos viarios supón unha ocupación de mil douscentos corenta metros cadrados e oitenta decímetros cadrados (1.240.80 m2), ao longo de toda a fronte da*

*leira a vía pública e habilita espazo para o aparcadoiro de corenta turismos e dous autocares.*

*II. Que a parcela a habilitar como aparcadoiro presenta as seguintes características:*

- *Superficie 1.240.80 m2.*
- *Lindeiros:*
  - *Norte: Resto de finca nº 625, Polígono 4 de la C.P.*
  - *Sur y Este: Vía pública de acceso a la Iglesia de San Andrés*
  - *Oeste: Finca nº 727 de la C.P. y Resto de finca nº 625*

*III. O Concello de Ribadumia coa intención de proceder á construción do citado aparcadoiro acometerá á súa costa as obras de urbanización e a obtención das autorizacións administrativas que requira tal obra.*

*IV. O Concello de Ribadumia e o Arcebispado de Santiago de Compostela teñen alcanzado un acordo en virtude do cal o Arcebispado de Santiago de Compostela cede o terreo identificado no expositivo II de este escrito ao Concello de Ribadumia para o uso exclusivo de aparcadoiro por un prazo de vinte anos (20), en virtude do cal e con esa finalidade, o Arcebispado comunicou o acordo da Delegación Diocesana de Economía do 26 de Decembro de 2.016.*

*En consecuencia, as partes acordan as seguintes*

#### **CLAUSULAS**

**PRIMEIRA.-** *Por medio do presente documento, o Arcebispado de Santiago de Compostela cede ó Concello de Ribadumia, libre de cargas e gravames, o uso e disfrute da parcela descrita no Expositivo Segundo, cuxa delimitación gráfica incorpórase como anexo I*

*(Se adxunta plano como Anexo I)*

*Esta cesión de uso ten carácter gratuíto e establécese por un período de tempo de 20 anos.*

**SEGUNDA.-** *Dado o uso a que se pretende destinar a parcela obxecto do presente Convenio, o Arcebispado autoriza ao Concello de Ribadumia á execución das obras que con carácter xeral sexan necesarias para o destino previsto de aparcadoiro. Neste sentido, poderá o Concello realizar tanto o acondicionamento, limpeza, execución de zonas axardinadas e asfaltado co carácter temporal con que se cede para o uso público.*

**TERCEIRA.- GASTOS** - *Tódolos gastos e tributos que orixinen a cesión e ocupación polo Concello de Ribadumia da parcela referida no Expositivo Segundo serán a conta do Concello de Ribadumia.*

*Os gastos que se orixinen coa sinatura e ratificación do presente convenio, serán por conta do Concello de Ribadumia.*

**CUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO.** *O presente convenio entrará en vigor unha vez que o mesmo, unha vez ratificado polo Pleno Municipal, se eleve a escritura pública.*

*O Concello de Ribadumia tomará posesión da parcela indicada na Cláusula Primeira, no momento en que se produza a elevación a escritura pública do presente convenio.*

**QUINTA.-** *Para a resolución das controversias que, no seu caso, puideran orixinarse entre as partes interviñentes en canto á interpretación e cumprimento do presente convenio, serán competentes os Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.*

*Para o que en proba de conformidade, ambas partes, previa lectura do texto do presente CONVENIO URBANÍSTICO e con pleno coñecemento dos documentos que forman parte integrante do mesmo, asinan este documento por duplicado en data e lugar arriba indicados.- Asdo: David Castro Mougán e D. José A. Ortigueira Barros"*

*Se adxunta ó presente convenio, formando parte integrante do mesmo e como documentos inseparables, plano gráfico da parcela referida na cláusula primeira e comunicación do Arcebispado sobre o acordo de cesión.-*

## **6º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO PARA A INSTITUCIONALIZACIÓN DOS ACTOS MUNICIPAIS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.**

Toma a palabra a Sra. Rey Pérez para indicar que na Comisión Informativa celebrada analizouse a moción para a "Institucionalización dos actos municipais do día das letras galegas" e modificouse nalgún aspecto da mesma porque o Sr. Serantes Alvarez fixo unha aportación respecto ós prazos de presentación de candidatos.-

Di que ata de agora non se viña facendo ningún acto propio polo Día das Letras Galegas e considérase que haxa un acto institucional do propio Concello.-

Que hai moitas persoas e asociacións que dende hai anos veñen facendo uso e defensa do galego no seu ámbito e a finalidade desta moción é que este acto a que se fae referencia nas bases non se faga so este ano se non que teña unha continuidade no tempo.- Que se regule e se fixe un proceso para tal fin.

O Sr. Serantes Alvarez indica que está moi ben recoñece de Ribadumia o uso e defensa do galego, e seguro que hai moitas persoas e entidades e en diversos eidos: deporte, cultura, empresas, etc, pero que ven que hai un afán desmesurado de facer actos de propaganda e en destacar en actos e galas homenaxes e por iso vanse a abster.

A Sra. Rey Pérez dí que lle sorprende e avergoña que como galego forme parte dun grupo que nunca se molestou en celebrar un acto do Día das Letras Galegas e agora se negue a aprobar esta moción de institucionalización dos actos dese Día.

Que se contradí el mesmo: que por un lado di que hai moitas persoas e eidos merecedores un recoñecemento e por outro lado non aprobe a proposta.

Toma novamente a palabra o Sr. Serantes Alvarez e di que Ribadumia é un concello primordialmente de fala galega e como tal, facer un acto do Día das Letras Galegas, como se fixo sempre, non é unha novidade.- Que nas bases se fala dunha gala-homenaxe e non dun mero recoñecemento.- Que están encantados que se recoñeza á xente deste Concello pero o que se pretende é facerse valer dos méritos desas persoas para lucirse.-

O Sr. Oubiña Lago dí que o grupo de goberno podería facer un acto de recoñecemento ou gala e non traela a pleno, pero o que traen é unha norma para todos e que quede institucionalizado o acto e separar a política deste tipo de actos públicos e como non teñen argumentos para non aprobar a moción e as bases se buscan unha excusa absurda; incide en que non é un acto político, se non un acto a prol do galego.-

Dí que o Concello non organizaba actos propios que o que facía era participar en actos organizados por outras entidades.

O Sr. Alcalde di que a valoración feita polo Sr. Serantes é unha valoración do P.p., acertada ou non e están no seu dereito de facela, pero entenden que o Día das Letras Galegas é unha data sinalada que convén que sexa celebrada e institucionalizar os actos que realice o Concello a tal fin.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor (I.R., PSdeG-PSOE e Somos Ribadumia) e cinco abstencións (P.P.), acorda:

1º.- Establecer un acto de homenaxe, denominado "Ribadumienses en Prol do Galego" que sirva para homenaxear de xeito anual a veciños ou veciñas que pola súa traxectoria vital merezan ser recoñecidas como defensores da nosa lingua.

2º.- Prestar aprobación ás bases que, de xeito transparente, enmarquen a celebración deste acto, así como a fórmula de elección da persoa, persoas ou entidades que cada ano sexan recoñecidas.-

***Bases para a organización do acto "RIBADUMIENSES EN PROL DO GALEGO" e para a elección das persoas homenaxeadas no mesmo***

- 1. O acto de homenaxe terá lugar unha vez ó ano, coincidindo co 17 de maio, Día das Letras Galegas. A súa denominación será **GALA-HOMENAXE "RIBADUMIENSES EN PROL DO GALEGO"**, podendo engadir, se se considera, un lema ou subtítulo distinto en cada edición.*
- 2. Estará considerado un acto institucional e municipal, polo que a súa organización será responsabilidade do equipo de goberno do Concello de Ribadumia.*
- 3. O acto, de carácter simbólico, terá como obxectivo homenaxear e recoñecer o labor que a persoa, persoas ou entidades de Ribadumia escollidas leven feito en prol do uso do galego en todos os ámbitos da vida, no noso Concello e fóra del.*
- 4. A homenaxe será o eixo central dos actos que se celebren para conmemorar o Día das Letras Galegas, podendo complementarse con aquelas actuacións, charlas, discursos, etc. que o equipo de goberno do Concello de Ribadumia considere oportunas.*
- 5. O acto de homenaxe consistirá na entrega dun agasallo en recoñecemento a todo este labor de difusión do galego. Este recoñecemento entregaráselles a unha persoa ou a varias, ou tamén a entidades de carácter cultural, social, deportivo e mesmo empresarial, sempre do Concello de Ribadumia, que resulten do proceso de elección que se rexerá polos seguintes artigos:*

*Artigo 1º.- A concesión da proposta para recibir esta honra requirirá acompañamento do oportuno expediente que sirva para determinar os méritos e circunstancias que aconsellan a devandita concesión.*

*Artigo 2º.- As propostas de concesión consideraranse cando procedan de:*

- a) Do equipo de goberno do Concello de Ribadumia.*
- b) Da petición conxunta de catro concelleiros.*
- c) Dunha petición razoada e xustificada dun organismo oficial, entidade ou asociación legalmente constituída, que se presente avalada pola sinatura de 100 veciños.*
- d) Dunha petición subscrita por un número de veciños que represente, cando menos, o 3% da poboación do Concello de Ribadumia no momento de presentaren a proposta.*

*Artigo 3º.- As propostas de candidatos poderán presentarse nas oficinas municipais, ou a través de calquera outro medio legalmente establecido para ese fin, durante o primeiro trimestre de cada ano, debendo ir acompañadas dunha memoria explicativa sobre os méritos do candidato no uso e difusión do galego que inclúa, cando menos, os seguintes apartados: exposición de motivos, notas biográficas da persoa ou persoas propostas ou breve resume histórico en caso de entidades, currículo e accións meritorias ou salientables, achegas ou adhesións doutras entidades e asociacións á proposta.*

*As candidaturas deberán realizarse sobre persoas vivas ou entidades en activo.*

*Artigo 4º.- A valoración dos méritos das candidaturas presentadas será realizada por persoal da Concellería de Cultura, que comprobará así mesmo que as candidaturas presentadas reúnen os criterios suficientes para a súa valoración, en cuxo caso pasarán á correspondente comisión informativa.*

*Artigo 5º.- A elección final da persoa ou colectivo homenaxeado farase por proposta dos concelleiros integrantes da Comisión Informativa de Cultura, que será convocada en forma e prazo con ese fin.*

*Só se poderá elixir unha candidatura por edición; sen embargo, a comisión poderá valorar como meritorias aquelas candidaturas que considere para que, se volven presentarse en anos posteriores, sexan tidas en conta.*

*Artigo 6º.- Correspóndelle ó Pleno municipal resolver á vista do informe presentado pola comisión informativa, adoptando o acordo correspondente por maioría absoluta dos membros que constitúen a corporación.*

*O acordo notificaráselle ó interesado.*

*Artigo 7º.- O Concello incluírá o nome das persoas ou entidades homenaxeadas no Libro de Honor de Distincións e Nomeamentos do Concello de Ribadumia, con mención expresa do motivo da súa inclusión.*

*Artigo 8º.- A persoa ou colectivo homenaxeado non poderá volver concorrer como candidato.*

- 6. Calquera modificación destas bases deberá ser presentada para a súa aprobación, se procede, en Pleno municipal.*



**7º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO PARA ASIGNAR Á BIBLIOTECA MUNICIPAL A DENOMINACIÓN DE BIBLIOTECA FRANCISCO DE ASÍS FRAGA CASTRO- "CUCO".-**

Toma a palabra o Sr. González Ledo presentada polo equipo de goberno no que indican que *"o día 3 de decembro de 2010 faleceu que, durante a maior parte da súa vida entregouse de xeito exemplar á labor de bibliotecario, facendo non só as labores propias de bibliotecario senón axudando con entusiasmo e empeño ós xoves de varias xeracións a sacar adiante os seus estudos.- Francisco de Asís Fraga Castro "Cuco" era unha persoa afable, con enorme bagaxe cultural e deixou unha fonda marca en familiares, amigos e en todas as persoas que durante anos pasaron pola biblioteca e mostra dela é que despois do seu pasamento moitos veciños puxeron de manifesto a necesidade de renderlle unha homenaxe para que o seu recordo perdurase no tempo.*

*Dende o equipo de goberno conpártese cos veciños que "Cuco" merece, pola súa traxectoria vital e pola entrega coa que durante todos eses anos axudou a xoves e nenos, ser recoñecido cunha homenaxe que permaneza na memoria de todos, e por ese motivo propónse que se adopte acordo para:*

- Rendirlle unha homenaxe pola súa traxectoria como bibliotecario municipal e pola calidade da súa persoa a Francisco de Asís Fraga Castro "Cuco", concedéndolle á biblioteca na que desenrolou a maior parte da súa vida o seu nome, que en adiante pasará a denominarse "Biblioteca Municipal Francisco de Asís Fraga Castro "Cuco".
- Que tal homenaxe se materialice na colocación, e posterior descubrimento en acto público, dunha placa na entrada da biblioteca."

O Sr. González Ledo remata dicindo que non se lle ocorre outra persoa máis adecuada para darlle o seu nome á biblioteca.

A Sra. Peña Muñiz dí que o seu grupo está completamente de acordo e pensa que é o sentir non só da Corporación senón tamén da maioría dos veciños.

O Sr. Alcalde dí que foi o primeiro bibliotecario e todos os que o coñeceron saben que tratou de transmitir os seus coñecementos e preocupábase que todos os nenos acadaran os mellores resultados económicos.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada na forma que está redactada, adoptándose os acordos propostos.

## **8º.- DAR CONTA DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. DOSITEO VALIÑAS COMO RIBADUMIENSE EN PROL DO GALEGO 2017.-**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que, en relación co tratado no punto 6 de esta sesión e dado que ata de agora non había bases, este ano propónse o nomeamento de D. Dositeo Valiñas como Ribadumiense en Prol do Galego 2017.

D. Dositeo foi durante máis de 70 anos cura párroco de Ribadumia, e casi unha vida adicada ós feligreses e veciños de Ribadumia; así durante 97 anos tanto como párroco como na súa vida particular foi un firme defensor das letras galegas, algo que destaca xa que a súa foi unha xeración que tivo que loitar pola lingua galega en anos despois da guerra española xa que neses anos paralizouse o uso da lingua e da cultura galega; pese as dificultades D. Dositeo puxo todo o que tiña ó seu alcance para fomentar o galego oficiando as misas en galego e fixo publicar as follas parroquiais en galego e usou todas as ferramentas que tiña ó seu alcance para fomentar o uso do galego; pero tamén foi promotor de diversas asociacións culturais nas que implicaba a maiores e nenos e facía todas as actividades posibles para impulsar o galego e a cultura galega.

Por todo o anterior pensa que está sobradamente xustificicado e pensa que todos estarán de acordo no merecedor que é de este nomeamento.

## **9º.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE DIVERSAS MARCAS REXISTRADAS SOBRE O VIÑO TINTO A FAVOR DO CONCELLO DE RIBADUMIA.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que este equipo de goberno cando tomou posesión realizou as xestións pertinentes para ver en qué situación se atopaba as distintas marcas que o Concello viña utilizando e decatáronse que non estaban rexistrada ningunha e por tal motivo solicitouse o rexistro de varias delas.

Nestes intres o Concello de Vilagarcía tentou rexistrar unha moi parecida á que Ribadumia viña utilizando e este Concello reclamou e desistiron. Con este rexistro preténdese protexer máis a celebración da Festa do Viño Tinto sen que ningún Concello nin entidade poida interferir na súa celebración.

Da lectura as marcas que ata de agora están rexistradas.

## **10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

1º.- Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e pregunta si se fixo algunha consulta á Xunta sobre o tema tratado en sesión anterior relativo ás edificacións axiliares.- O Sr. Alcalde contesta que si se formulou a consulta, e aínda non se obtivo resposta

2º.- A continuación tamén manifesta que teñen pendente de que se lles pase as actas das Xuntas de Goberno dende o mes de setembro.

3º.- A Sra. Peña Muñiz pregunta en qué situación está a obra que ía a levar a cabo a Deputación Provincial de execución de beirarrúas no lugar de Os Castaños; que anteriormente se dixo que ían a ter unha reunión cos responsables de dito organismo; dí que esa obra xa estaba comprometida e con financiación pola anterior Corporación Provincial e que só estaba pendente de adxudicación.

O Sr. Alcalde contesta que xa hai uns plans, pero que están pendentes de reunirse cos veciños para concretar o trazado; que preténdese levar a cabo un proxecto que humanice toda a zona e nese punto están; que tense que decidirse cómo se quere o proxecto e logo obter a aprobación da Deputación.

O Sr. Oubiña Lago manifesta que a Deputación entendía que o proxecto anterior existente tiña deficiencias e non se podía levar a cabo tal e como estaba.

3º.- A Sra. Peña Muñiz dí que se houbo problemas coa colocación dalgunhas bandas sonoras reductoras de velocidade que se instalaron porque se puxeron e logo se quitaron.

O Sr. Alcalde contesta que as deberon de quitar algún particular.

4º.- A Sra. Peña Muñiz roga que se faga unha mellor xestión do punto limpo xa que existen queixas sobre o seu funcionamento.

5º.- Respecto ó mencionado nalgún medio punto desta sesión roga que se lle diga un só alumeado que fixera durante o seu mandata que estivera ilegal; dí que ela colleu unha herencia e houbo que legalizar algún e outros quedaron sen legalizar.

O Sr. Alcalde dí que durante quince anos tivo unha gran parte do alumeado público sen estar legal.

A Sra. Peña Muñiz replica que tamén debería dicir todo o que legalizou o goberno do P.P., con Salomé Peña do que viña de atrás; que lle diga unha soa infraestrutura que se fixera nese período que non estivera legal. Que vexa canto se investiu durante 15 anos en legalizar o que viña de atrás en alumeados e instalacións, colexios, casa de cultura, etc.

O Sr. Oubiña Lago dí que o Tanatorio estaba ilegal.

O Sr. Alcalde insiste en que durante 15 anos non se legalizaron as instalacións eléctricas e agora hai que investir case 70.000 euros para legalizalo e que se podería falar doutras obras ou instalacións que non estaban legal.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión sendo as cero horas e trinta minutos do día cinco de maio, de todo o cal eu, como Secretaria dou fe.-